



Excmo. Concello de Baiona

Para máis información e inscrición:
Centro Municipal de Información á Muller.
Rúa Dolores Agrelo, 16
36300 - Baiona (Pontevedra)
Teléfono: 986 357 554

Programa dirixido a promover a inserción socio-laboral das mulleres



Organizado polo Instituto de la Mujer y para la Igualdad de Oportunidades en
colaboración co Concello de Baiona e o Fondo Social Europeo



O Programa ***Emprégate desde a Igualdade*** ten como obxectivos incrementar a empregabilidade das mulleres, mellorar as súas expectativas e a súa calidade de vida, a través do seu desenvolvemento persoal e dunha mellor cualificación para o emprego. Todo iso co fin de contribuír a que logren unha maior autonomía e participación social e económica.

Diríxese a mulleres con especiais dificultades para a súa inserción laboral e desenvólvese a través dun itinerario con varias fases na súa execución adaptadas ás necesidades das mulleres participantes.

Este Programa, cofinanciado polo Fondo Social Europeo a través do Programa Operativo “Inclusión Social e da Economía Social (POISES) 2014-2020” está promovido polo Instituto de la Mujer y para la Igualdad de Oportunidades(Ministerio de Igualdad) en colaboración con Entidades Locais.

O Programa Emprégate desde a Igualdade realízase a través dun itinerario integrado e personalizado no que se traballan aspectos persoais e profesionais, co obxectivo de facilitar ás mulleres maiores posibilidades para a súa inserción laboral e unha mellor calidade de vida:

- **Fomentando a autoestima** e a confianza necesaria para que se convirtn en protagonistas activas do seu propio proceso de integración social e laboral.
- **Facilitando a información e asesoramento** para a definición dun perfil profesional que teña en conta as expectativas de cada muller e as oportunidades de inserción laboral.
- **Proporcionando Formación Ocupacional** a través de cursos específicos vinculados aos nichos de mercado da zona.
- **Asesorando, formando e acompañando a iniciativa empresarial.**
- **Fomentando a creación e consolidación de redes** de autoaxuda e colaboración entre o grupo e con diferentes asociacións de mulleres.
- **Informando e facilitando** o acceso a recursos especializados.